

(FCG/af)

DECRETO: Ourense, 18 de decembro de 2018

De conformidade co que dispoñen os artigos 46.2.a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local, 78, 80 e 82 do ROF, do 28 de novembro de 1986 e normas concordantes –e para os efectos do artigo 58 do citado ROF–, convócase sesión ordinaria do Pleno da Corporación Provincial.

DÍA: venres, 21 de decembro de 2018.

HORA: 10.00 horas en primeira convocatoria*.

LUGAR: Salón de sesións do Pazo Provincial.

*Se na primeira convocatoria non existise o quórum necesario segundo o disposto no número anterior, entenderase convocada a sesión automaticamente á mesma hora, dous días despois.

ORDE DO DÍA

Apartado resolutivo:

- 1.- Acta da sesión extraordinaria do día 6 de novembro de 2018.
- 2.- Resolución de reclamacións e aprobación definitiva da Relación de Postos de Traballo da Deputación Provincial, exercicio 2018.
- 3.- Aprobación inicial do orzamento para o exercicio 2019 do Consorcio provincial de Ourense para a prestación do servizo contra incendios e salvamento.
- 4.- Ordenanza reguladora do servizo provincial de asistencia a entidades locais en materia de rega e baldeo de espazos públicos locais.
- 5.- Aceptación da delegación de competencia formulada polo Concello de Beariz para a tramitación do expediente expropiatorio para a execución da obra “construción de cemiterio municipal” no municipio de Beariz.
- 6.- Programa BenOurense de cooperación económica coas entidades locais da provincia para o servizo de axuda no fogar básico no exercicio 2019.
- 7.- Moción do Grupo Popular para reprobación do presidente da FEGAMP don Alfredo García Rodríguez.
- 8.- Moción do Grupo Socialista sobre medidas de discriminación positiva na baremación da subvención a prol da loita contra o despoboamento.
- 9.- Moción do Grupo Socialista sobre os recortes no servizo de atención primaria na provincia de Ourense.
- 10.- Moción de Democracia Ourensana para restitución de estudos de física no Campus de Ourense para o trienio 2018-2020.
- 11.- Mocións de urxencia.

Apartado de control e fiscalización do goberno provincial

- 12.- Dación de conta das relacións de decretos do mes de novembro de 2018 e dos seguintes adicionais:
 - Presidencia: 2º de maio, 2º de xuño, 2º de xullo, 2º de setembro e 1º de outubro de 2018.
 - Deputado delegado de Facenda: 2º de xullo, 3º de agosto, 2º de setembro e 1º de outubro de 2018.
 - Deputado delegado de Cooperación e Seguimento do Mandato 2015-2019: 1 de setembro de 2018.
- 13.- Rogos e preguntas.

Así o dispón e o asina o Sr. presidente na data indicada. Dou fe.

O PRESIDENTE,

O SECRETARIO,